

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
36015007	CEIP Plurilingüe de Cedeira	Redondela	2024/2025	En elaboración

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	07/10/24
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

## 2. Introducción

Breve xustificación do mesmo

A nivel xeral, o currículo de educación primaria introduce un marco legal que concede un carácter preceptivo ao uso das TIC máis alá do fenómeno social, económico ou cultural no que nos atipamos e se atopa o noso alumnado.

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.
- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

## Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O plan dixital do CEIP de Cedeira é unha ferramenta de planificación integrada no Proxecto Educativo que busca o desenvolvemento do tratamento da información e a competencia dixital e a integración das TIC como ferramentas didácticas nos procesos de ensino-aprendizaxe.

A Competencia Tratamento da Información e Competencia Dixital consiste esencialmente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Polo tanto, o dominio e a alfabetización TIC converteuse nunha técnica instrumental imprescindible. Ademais, a natureza complexa e globalizadora da competencia dixital contribúe ao desenvolvemento do resto das competencias clave, especialmente a Competencia en Comunicación Lingüística, a Competencia Social e Cidadá e a Competencia para Aprender a Aprender. Así mesmo, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrece o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixo transversal dentro da actividade docente. Todo iso esixe transformacións

que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares. É precisamente esta transcendencia global das novas tecnoloxías o que xustifica a confección deste plan como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos que atinxen á devandita transformación dixital do centro. Temos un Equipo de dinamización TIC que desenvolve as funcións desde fai varios anos, adaptándose cada curso ás necesidades novas que van xurdindo. As devanditas funcións son:

- Promover o emprego das NNTT entre o profesorado.
- Detectar as carencias e necesidades de formación do alumnado e do profesorado.
- Xestionar o mantemento dos equipos dixitais ou, no seu caso, buscar a forma de levalo a cabo.
- Programar formacións que permitan implementar novas utilidades que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para realizar o Plan Dixital, este Equipo de TIC, ampliouse con novos membros do claustro que colaboraron na realización do SELFIE e do DAFO, a través de varias reunións para programar as accións que o desenvolveron.

A coordinadora do Plan Dixital recibiu as achegas dos membros do equipo de dinamización do Plan Dixital e levou a cabo a recopilación da información necesaria para realizalo.

Previamente á súa presentación, o equipo foi consultado para a súa revisión e supervisión, aportando as puntualizacións que consideraron oportunas.

#### ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Responsables

Funcións no Plan

Descrición das estratexias para a coordinación dos distintos responsables.

Equipo Directivo

Tarefas organizativas e de supervisión.

Coordinación en Claustros, CCP, Consellos escolares, Ciclos e de xeito informal.

Persoas de Coordinación TIC

Elaboración, difusión e revisión do Plan Dixital.

Difundir e informar sobre novidades, cursos, metodoloxías, etc. a todo o Claustro.

Información en Claustros, CCP, Consellos Escolares, Ciclos ou de xeito informal.

Comisión TIC (Compoñentes ou representantes)

Promover e dinamizar o uso das TIC na aula e no centro.

Recoller suxestións e necesidades de formación do Claustro.

Promover a participación do profesorado na súa propia formación.

Prestar apoio de xeito puntual nas aulas para desenvolver algún proxecto ou tarefa TIC.

Coordinación en Claustros, CCP, Consellos Escolares, Ciclos ou de xeito informal.

### 3. Contexto DAFO

#### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

O instrumento de recollida foi o informe SELFIE e o test de Competencia Dixital Docente.

### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O alumnado ten coñecementos limitados con respecto á protección de datos, tratamento con software libre, etc.	Alumnado	Non
Debilidade	O alumnado ten medios tecnolóxicos na casa, aínda que moitas veces son insuficientes (máis tablets que ordenadores, ordenadores compartidos, etc.)	Alumnado	Non
Debilidade	Hai moita abundancia de tablets na casa e menor cantidade de Ordenadores, e cando os hai son compartidos.	Familias	Si
Debilidade	O nivel de competencia dixital das familias é moderado aínda que notamos unha mellora en cada curso.	Familias	Si
Debilidade	Os espazos físicos non facilitan demasiado o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	Infraestruturas	Non
Debilidade	O alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso a tecnoloxía asistenciais.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe elaborados por nós.	Infraestruturas	Non
Debilidade	Non colaboramos suficientemente con outros centros e / ou organizacións Para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais	Organización de centro	Non
Debilidade	Non realizamos unha avaliación dixital do alumnado.	Organización de centro	Non
Debilidade	Non se dispón de suficiente tempo para explorar o ensino dixital.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode empregar cando os precisa.	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa e a actuar dunha maneira responsable e Segura.	Alumnado	Non
Fortaleza	A meirande parte do alumnado ten acceso ás TIC no domicilio.	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado é bastante competente no ámbito dixital.	Alumnado	Non
Fortaleza	Empregamos canles dixitais de comunicación coas familias: Abalar, Correo electrónico, Web, Instagram, Teléfono.	Familias	Si
Fortaleza	O nivel socioeconómico das familias é medio.	Familias	Non
Fortaleza	As familias dispoñen de medios tecnolóxicos na casa.	Familias	Si
Fortaleza	Dispoñemos de dispositivos dixitais e infraestrutura para desenvolver unha estratexia dixital adecuada.	Infraestruturas	Non

Fortaleza	Dispoñemos de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Facilítase acceso a internet para o ensino e a aprendizaxe.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Apoiamos aos profesores para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	Oferta	Non
Fortaleza	Desenvolvemos a estratexia dixital en colaboración co profesorado.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Temos aulas/espazos adicados a este fin (radio, robótica, aula STEM)	Organización de centro	Non
Fortaleza	Temos un plan e medidas para identificar as dificultades que xorden na aprendizaxe mixta, en relación coa propia aprendizaxe e o seu contexto socioeconómico.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Ofrecemos cursos, charlas, programas de concienciación sobre o uso das TIC ou relacionados con elas (Plan Director, Navega con Rumbo, Concello de Redondela, Érguete)	Organización de centro	Non
Fortaleza	Apoiamos aos mestres/as para que exploren novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Debatimos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado dispón de oportunidades de DPC no relativo ao emprego, creación e uso de tecnoloxías dixitais específicas para as materias que imparten.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo, busca e crea recursos dixitais para a súa implementación nas distintas materias.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Facemos uso do entorno virtual de aprendizaxe para o desenvolvemento do ensino mixto.	Persoal docente	Non

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	As achegas económicas que recibe o centro son moderadas.	Administración educativa	Non
Ameaza	A posta en práctica dos programas conleva un gran traballo de xestión e organización que non supón un rebaixe da carga lectiva nin melloras no horario do equipo directivo nin do profesorado.	Administración educativa	Non
Ameaza	A asistencia a cursos de formación sobrecarga a xornada laboral e afecta á conciliación da vida laboral e familiar dos profesionais.	Administración educativa	Non
Ameaza	O número de profesorado interino sen destino definitivo moitas veces obstaculiza ou ralentiza a implementación dos recursos e a posta en marcha e continuidade das actividades iniciadas.	Administración educativa	Non
Ameaza	A Anpa é cambiante.	ANPA	Non
Ameaza	As condicións socioeconómicas da contorna son moderadas.	Contorna	Non
Ameaza	A conexión a Internet é mellorable.	Contorna	Non
Ameaza	O colexio está algo alonxado do centro da vila co cal, o acceso aos recursos TIC de uso público deben facerse desprazándose á vila de Redondela, que se atopa alonxada do colexio.	Contorna	Non
Ameaza	A lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo supón un obstáculo ás veces (situación sanitaria, lexislación sobre dereitos de autor e propiedade intelectual, etc.).	Lexislación	Non
Ameaza	Os cambios constantes nas normativas. A burocracia que implica a posta en marcha dos programas. A excesiva extensión dos currículos e a súa posta en práctica.	Lexislación	Non
Ameaza	Unha deficiente difusión e información das normativas.	Lexislación	Non
Oportunidade	A administración educativa leva a cabo programas de desenvolvemento do ensino dixital.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A Admon. Aporta recursos dixitais acordes con estes programas que desenvolve.	Administración educativa	Non
Oportunidade	A participación das familias vai en aumento. Hai unha boa relación coa Anpa, é colaboradora e propón tarefas ou melloras.	ANPA	Non
Oportunidade	A Anpa reforza as liñas metodolóxicas que suxire o centro educativo.	ANPA	Non
Oportunidade	A relación coas persoas da contorna é adecuada e mantemos unha boa comunicación e apoio.	Contorna	Non
Oportunidade	A contorna e as relacións cos elementos que a integran benefician ao centro.	Contorna	Non

Oportunidade	O enfoque dos currículos fomenta o emprego das TIC e ofrece a posibilidade de integrar contidos relacionadas con isto.	Lexislación	Non
Oportunidade	Colaboramos con moitas entidades alleas ao centro: Empresas, Policía, Concello, Entidades sen ánimo de lucro, Fundacións, Museos, Asociacións diversas, ONG, etc.	Outras	Non

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Empregar durante o curso 24/25 algunha das ferramentas corporativas por parte de profesorado para a comunicación coas familias.
O02PD	Establecer un plan de actuación para formar ao alumnado e ao profesorado no emprego dos recursos tecnolóxicos.
O03PD	Mellorar o equipamento informático coa instalación dun servidor con acceso en remoto.
O04PD	Realizar a formación do profesorado para empregar o servidor con acceso remoto.

### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Parcialmente

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Familias - Hai moita abundancia de tablets na casa e menor cantidade de Ordenadores, e cando os hai son compartidos.

Debilidade - Familias - O nivel de competencia dixital das familias é moderado aínda que notamos unha mellora en cada curso.

Fortaleza - Familias - Empregamos canles dixitais de comunicación coas familias:

Abalar, Correo electrónico, Web, Instagram, Teléfono.

Fortaleza - Familias - As familias dispoñen de medios tecnolóxicos na casa.

#### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Empregar a ferramenta Abalar/Agueiro/Big Blue Button como medio de comunicación coas familias ou como ferramenta para compartir arquivos.	0	1				

#### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1 Establecer un plan de actuación para informar ao profesorado sobre as posibilidades que ofrece a aplicación Abalar.	31/01/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Empregar a ferramenta Abalar como medio de comunicación coas familias e xustificación de faltas de asistencia e puntualidade.	0	1	
Solicitar a información do asesor Adix e aplicala no centro escolar.	0	1	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Buscar información sobre a substitución da plataforma Ageiro por outra nova e aplicala no colexio	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Empregar a ferramenta Abalar como medio de comunicación coas familias e xustificación de faltas de asistencia e puntualidade.	0	1	
Solicitar a información do asesor Adix e aplicala no centro escolar.	0	1	

Revisión	Data	Arquivo
Recopilamos informacións para facerllas chegar ao profesorado.	22/01/2024	

#### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

#### 4.3.2. Indicadores

borrador



### 4.3.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Empregar a impresora 3D e programa Tinkercad.	29/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
N3mero de produtos feitos coas impresoras 3D.	0	1	
N3mero de produtos elaborados co Plotter.	0	1	
N3mero de produci3ns elaboradas.	0	1	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Empregar o Plotter de corte.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Claustro de profesores	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
N3mero de produtos feitos coas impresoras 3D.	0	1	
N3mero de produtos elaborados co Plotter.	0	1	
N3mero de produci3ns elaboradas.	0	1	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
Empregar lapis 3D para crear figuras tridimensionais.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Equipo de TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado.	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
N3mero de produtos feitos coas impresoras 3D.	0	1	
N3mero de produtos elaborados co Plotter.	0	1	
N3mero de produci3ns elaboradas.	0	1	

#### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Parcialmente

##### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

##### 4.4.2. Indicadores

borrador

#### 4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Valorar as propostas de instalación.	31/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Equipo Directivo	
Destinatario	Claustro de Profesores	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Instalación do servidor.	0	1	
Lévanse a cabo as sesións de formación establecidas.	0	1	
Empregamos o servidor con acceso remoto.	0	1	

Revisión	Data	Arquivo
Realizamos a valoración e escollemos unha opción adecuada para o centro.	01/10/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar un programa de formación co profesorado para coñecer e utilizar as posibilidades do servidor.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo e equipo TIC	
Destinatario	Claustro de profesores/as.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Instalación do servidor.	0	1	
Lévanse a cabo as sesións de formación establecidas.	0	1	
Empregamos o servidor con acceso remoto.	0	1	

Acción	Data máxima	Temporalización
Empezar a empregar o servidor para as comunicacións internas e para a consulta/creación de documentación de uso habitual.	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Claustro de profesores/as.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Instalación do servidor.	0	1	
Lévanse a cabo as sesións de formación establecidas.	0	1	
Empregamos o servidor con acceso remoto.	0	1	

#### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Pendente

##### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

##### 4.5.2. Indicadores

##### 4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Facer 2 sesións de formación para aprender a empregar o servidor.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo TIC	
Destinatario	Claustro de profesores.	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Número de profesores que empregan o servidor.	0	1	

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

O procedemento para o seguimento do estado da execución das accións, da análise e valoración dos resultados, das modificacións posibles e das propostas de mellora, é a través das reunións do Equipo TIC nas que se segue unha lista de cotexo cos puntos de traballo pendentes.

A temporalización realízase cando é necesario, polo propio desenvolvemento das obras.

A listaxe de propostas de mellora foi xurdindo segundo o desenvolvemento das obras e xurdiron por parte do Equipo TIC, do Equipo Directivo e do resto do profesorado.

CANDO AVALIAR: Ao final do curso.

### 5.2. Primeiro trimestre

Realizamos unha reunión inicial do equipo Tic, no que valoramos as necesidades e programamos as posibles actividades. (Acta día 4/09/2024)

Realizamos a valoración da instalación dun servidor con acceso remoto. Comparamos orzamentos. Setembro 2024. Contactamos co asesor do PD.

Visita do asesor do Cefore ao colexio para ver liñas de formación en Polos creativos e Educación emocional.

Realizamos unha reunión do equipo TIC para programar os "Martes creativos" (1-10-2024).

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

Para a avaliación faremos reunións trimestrais nas que se valore o seguimento das liñas de acción. Empregaremos listas de cotexo.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descrición	Arquivo
Documento SELFIE	36015007_CeipCedeira_SELFIE_17112021_07122021.pdf
Documento Competencia Dixital Docente	36015007_CeipPlurilingüedeCedeira_CDD_07032022.pdf
Análise DAFO	36015007_CeipCedeira_DAFO_16042022.ods
Plan Dixital Ceip de Cedeira	36015007_CEIPPlurilingüedeCedeira_PlanDixital_V1.0_31052022.pdf
ACTA INICIO CURSO 24-25	ACTA DA REUNION equipo TIC 4-09-24.docx